

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2019/15	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Pola necesidade de aprobar antes do 1 de outubro de 2019 a Conta Xeral do ano 2018, ao abeiro dos prazos establecidos na lexislación aplicable en vigor.»
Data	26 de setembro de 2019
Duración	Desde as 21:05 ata as 21:16 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretario	SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	NON
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ

Concello da Estrada



	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 3021/2019. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2018

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria A favor: 14 En contra: 0 Abstencións: 6
------------------	---

Para explicar o contido deste asunto, o Sr. Alcalde outorga a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen comeza dicindo que o motivo da que fora convocada sesión extraordinaria deste órgano é o sometemento en prazo o informe favorable da Conta Xeral do ano 2018, a cal, despois da súa tramitación, tralo período de exposición aos membros da Comisión Informativa de Facenda, do Ditame favorable desta Comisión, do período de exposición pública sen que se produciran reclamacións ou alegacións, procede a súa aprobación polo Pleno.

Continúa dicindo que na Conta Xeral do exercicio 2018, en termos xerais, recóllese o seguinte:

- Pártese dun orzamento inicial de 12.800.000 euros para finalmente pechar o exercicio con 22.048.000 euros
- O grao de execución foi en ingresos 16.457.000 euros, é dicir, un 128% máis do inicial, e o gastos 15.331.000 euros, un 120% sobre o inicialmente previsto.
- Na execución dos dereitos a favor do Concello, obsérvase que a recadación de dereitos recoñecidos foi do 99,9 €.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



- As inversións reais que inicialmente estaban establecidas en 600.000 euros, multiplicáronse por 13, pechando finalmente con case 8.000.000 de euros, cantidade superior en 1,2 millóns de euros á do ano 2017.
- Outro dato positivo que se reflexa nesta Conta Xeral é que, á 31/12/2018, as obrigas pendentes eran de 71.193 euros, aboándose todas as facturas que entraran naquel momento.
- O resultado orzamentario axustado é de un 1.415.000 euros, superando o 1.082.000 € do ano 2017.
- O Remanente de Tesourería, o total é case de 4.300.000 €.
- O Remanente para gastos xerais é de 2.900.000 €, cifra que supera á do ano 2017 en algo máis de un millón de euros.
- En canto ao pasivo financeiro, temos en 4.417.000 € o consolidado e en 2.905.000 € en circulación.
- O aforro neto supera un millón e medio e o superávit 1.780.000 €.
- En consecuencia de que todos os datos establecidos polo Ministerio para poder acudir á regra especial que establece a disposición adicional sexta da Lei de Presupostos do Estado, entre as que se cumpre a regra do gasto, permítenos destinar a inversión o superávit do 2018.
- En canto ao balance de situación, o seu activo total e o patrimonio por tanto increméntase en 4.000.000 €, cunha serie de indicadores de liquidez e endebedamento considerados óptimos e mantendo unha presión fiscal mínima sen incremento de ningún tipo de taxa ou imposto.

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, manifestando que non pon en dúbida de que se trata dun documento ben conformado, sen embargo as cifras que dixo o Concelleiro delegado de Facenda necesitan ser matizadas, ademais de que é preciso ver cal é a situación real do Concello para aclarar que non sexan cifras falsas. No que se refire ás cifras de execución, di que do orzamento total executouse un 70%, menos que no ano 2017. Ademais, a modo de tirón de orellas para o grupo de goberno, di que imos moi xustos no prazo de rendición da Conta Xeral, xa que estamos aprobándoa a 26 de setembro cando se ten que formalizar a 1 de outubro, non parecéndolle normal cargar en Intervención, a forza de reparos, as facturas do Concello, polo que considera que se debe planificar mellor os prazos e, deste xeito, ir máis folgados.

No que se refire ás partidas con execución máis altas, di que son ás de gasto improdutivo, cun niveis de ata un 90%, mentres que os investimentos executáronse nun 30% (menos con respecto ao exercicio 2017); ademais do anterior, desviouse o Orzamento na previsión ao redor dun 40% en ingresos e gastos, o que fai pensar que quizais temos que replantearnos a forma en que elaboramos o Orzamento, xa que esta desviación nun corenta por cento é discutible dende o punto de vista da xestión, por outra banda, que os investimentos foran tan baixos favorecen o resultado económico.

Continúa dicindo que o resultado final da Conta Xeral do ano 2018, é branco sobre negro, xa que os veciños teñen unhas condicións peores, especialmente no rural, carecendo de moitos servizos dos que o Concello ten a obriga de prestar, e, como consecuencia da aplicación destes orzamentos de 2018, continuamos cunha crise demográfica derivada do despoboamento, en especial do rural.

En canto aos remanentes, di que a cifra é certa, pero hai que descontar un millón de euros de dubidoso e imposible cobramento. Por outra banda, comenta que hai amortización de débeda, porque así o obriga a lei.

Polo anterior, traslada a abstención dos membros do seu grupo na votación, porque, aínda que é un documento ben conformado dende o punto de vista técnico, agocha uns





orxamentos peores do que deberían ser para os veciños e veciñas da Estrada.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, manifestando que os membros do seu grupo votarán a favor da Conta Xeral de 2018, non porque estean a favor do contido da mesma, senón porque están a favor de render contas e así cumprir coas obrigas establecidas. O motivo polo que o seu grupo non está a favor do contido da Conta Xeral é o considerar que os cartos non se están a gastar en solucionar os problemas dos estradenses, senón en despilfarros; ademais, os pagamentos excesivos acompañados de informes con reparos de Intervención multiplícanse ano tras ano, consecuencia do incumprimento dos prazos establecidos na Lei de Contratos e por aprobar gastos non asumibles polo Concello.

Continúa destacando que neste documento falta información económica da Fundación Cultural, polo que pide que o grupo de goberno poña fin a esta situación anormal na que se atopa esta entidade e se adecue á normativa en materia de fiscalización.

Finaliza, reiterando que está de acordo en render conta da Conta Xeral de 2018, pero non co seu contido, polo que lle insiste ao Concelleiro de Facenda que implique os grupos da oposición na elaboración dos Orxamentos municipais e non sexan estes uns simples convidados de pedra á hora de darlles a coñecer o borrador final, senón que se teñan en conta as propostas facilitadas por estes grupos.

Toma a palabra a voceira do Grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para dicir que coincide co manifestado polo grupo do Partido Socialista sobre que se trata dun documento ben conformado, pero a súa preocupación é que o superávit que na Conta Xeral se reflexa sexa feito a modo de peto, co cal quere dicir que neste concello fan falta moitos investimentos por facer, sobre todo no que respecta ao rural, xa que este carece dos servizos básicos, ao igual que a nosa vila tamén necesita da mellora de servizos como asfaltados, iluminarias, ornato ou beiravías, é dicir, que hai unha serie de investimentos que non se fixeron e, como consecuencia, agora e moi fácil contar cun remanente; a este respecto di que o remanente non pode ser produto das necesidades da veciñanza, o que quere deixar claro.

Ante o manifestado, traslada a abstención do seu grupo na votación deste asunto, coa alegría de que haia superávit pero coa pena de que non se houbera investido.

Intervén novamente o Concelleiro delegado de Facenda, **Sr. Blanco Carracedo**, para matizar algunhas cuestións manifestadas polos grupos da oposición. En primeiro lugar, en canto aos reparos da Intervención municipal, di que a intención do seu grupo de goberno é de reducilos dentro das limitacións existentes, de feito diminuíron en máis de seis mil reparos anuais, gracias ao Contrato Marco asinado coa FEMP. En segundo lugar, di que aquí se está a votar a rendición da Conta Xeral e no seu contido, aclarando que se trata dunha obriga legal, polo que lle estraña as abstencións de dous dos grupos da oposición, xa que considera que é mirar para outro lado cando se trata de dar cumprimento a unha obriga legal.

En canto ao contido da Conta Xeral 2018, di que quen elabora este documento é o departamento de Intervención, polo que cumpre con todos os requisitos, sendo responsable dos resultados deste documento o grupo de goberno en aplicación das súas políticas de xestión, dando uns resultados que cumpren con todos os estándares que establece o Ministerio de Facenda.

En canto aos comentarios feitos nas intervencións dos grupos da oposición en relación ao contido deste documento, di que todos os datos están no mesmo, xa que Intervención os recolle absolutamente todos, por iso non é certo o que manifestaba o voceiro do grupo do Partido Socialista en relación coa “verdade ou mentira”, reiterando o resultado positivo desta Conta.





Pide a palabra **D. Luis López Bueno** para dicir que non só da resultados positivos, senón que tamén incrementa o orzamento de gastos, manténdose no manifestado na súa anterior intervención e, dirixíndose ao Concelleiro de Facenda, lle di que debería de prever cal van a ser os orzamentos reais do Concello da Estrada. Por outra banda, sobre o dito de “non son verdade, non son mentira” ao referirse á Conta Xeral, aclara que non criticaba o contido deste documento, senón o como se vende o resultado do mesmo e, nese sentido, non é verdade e non é mentira, senón que é opinable.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación da proposta de aprobación da Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2018, adoptándose polos votos a favor dos grupos do Partido Popular e Movete e as abstencións do Grupo Mixto (BNG) e do grupo do Partido Socialista, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 20/09/2019, que se transcribe literalmente de seguido:

“Visto o informe favorable da Conta xeral do orzamento de 2018 emitido pola Comisión de Facenda e Especial de Contas o 6 de agosto de 2019.

Transcorrido o período legal de exposición pública anunciado no Boletín Oficial da Provincia nº 154, do 13 de agosto último, sen presentarse nese tempo alegación ou suxestión ningunha sobre a dita conta, segundo a certificación de Secretaría que se acompaña, asinada con data do 19 de setembro de 2019.

E de conformidade co disposto nos artigos 208 a 212 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004.

Elévase ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Aprobar a Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2018”

Vista a diversa documentación que consta no expediente 3021/2019.

Visto o debatido nesta sesión,

ACORDAMOS:

Aprobar a Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2018.

Non habéndose máis asuntos de que tratar, levántase a sesión sendo as vinte e unhas e dezaseis minutos do día do seu comezo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 4RGN7DZMZGK5MZZDM44HY93G | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5